



Interreg
España - Portugal
Fondo Europeo de Desarrollo Regional



GEMCAT **DEMOGRAFÍA
CONCILIACIÓN**
Generación de empleo de calidad transfronterizo

**BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA TRANSFRONTEIRIZA
DE PREMIOS DE CONCILIACIÓN LABORAL E PERSOAL E IGUALDADE DE
OPORTUNIDADES**



**PREMIOS
TRANSFRONTERIZOS
DE CONCILIACIÓN E IGUALDAD**



www.gemcat.eu

Índice

1	Antecedentes.....	3
2	Objetivo.....	3
3	Requisitos de participación.....	3
4	Categorías ou reconocementos.....	4
5	Convocatoria.....	4
6	Criterios de valoración.....	5
7	Documentación a presentar.....	5
8	Prazo de presentación de solicitudes.....	6
9	Xurado.....	6
10	Divulgación dos resultados e entrega do premio.....	7
11	Protección de datos.....	7
12	Contacto.....	7

1 Antecedentes

O Proxecto GEMCAT (0345_ GEMCAT_6_E) foi aprobado na primeira convocatoria de propostas do programa de Cooperación Transfronteiriza España- Portugal 2014-2020, no marco de obxectivo temático 11, Mellorar a capacidade institucional das autoridades públicas e as partes interesadas e a eficiencia da administración pública.

Neste proxecto plurirrexional participan xunto a Xunta de Galicia os seguintes socios: Consellería de Emprego da Junta de Castilla y León; Dirección Xeral de Traballo, Consellería de Educación e Emprego da Junta de Extremadura; CIM Alto Minho; Universidade do Porto e a Cámara Municipal de Braga.

O proxecto ten entre os seus obxectivos, incorporar medidas de igualdade de oportunidades e a favor da conciliación así como medidas de responsabilidade social empresarial nas empresas.

Para alcanzar este obxectivo, entre outras actividades, establécese o **deseño dunha convocatoria pública transfronteiriza de premios para o recoñecemento a empresas cunha traxectoria destacada na implantación de política de conciliación e igualdade. Por iso, o primeiro paso é deseñar as bases comúns do premio e os criterios de selección de empresas premiadas.**

2 Obxectivo

O premio ten como principal obxectivo, favorecer a igualdade de oportunidades e a conciliación da vida laboral e persoal mediante:

- Recoñecemento público do labor das empresas que desenvolven medidas en xestión do tempo, flexibilidade e equilibrio da vida laboral e persoal.
- Recoñecemento público do labor das empresas que desenvolven medidas que teñen como finalidade garantir que as mulleres e os homes poidan participar de forma igualitaria en todas as esferas da vida laboral.
- A visibilización das empresas comprometidas co axuste dos tempos na súa organización e coa igualdade de oportunidades
- Fomento do coñecemento de boas prácticas, a promoción do seu intercambio e o incremento das ideas do banco de medidas de conciliación e igualdade.

3 Requisitos de participación

Poderán optar aos **Premios de conciliación e igualdade laboral:**

- **As empresas privadas transfronteirizas (con sede no espazo transfronteirizo e/ou actividade transfronteiriza)** que, a través das súas políticas e sistemas de xestión, desenvolven actuacións responsables en materia de conciliación e igualdade laboral, demostrando así o seu compromiso activo coa sociedade, sempre que cumpran o establecido nesta orde de convocatoria.
- Empresas que estean ao corrente coa Axencia Tributaria e a Seguridade Social.
- Empresas que non teñen débedas e/ou salarios atrasados.
- Non poderán optar aos premios as entidades sen ánimo de lucro.

4 Categorías ou recoñecementos

A iniciativa dos Premios Transfronteirizos de Conciliación e Igualdade ten por obxecto recoñecer e dar a coñecer ás empresas cunha traxectoria destacada na aplicación de políticas de conciliación da vida profesional e persoal e de igualdade de oportunidades.

As empresas solicitantes poderán optar ás seguintes modalidades ou recoñecementos:

- **Recoñecemento en materia de conciliación laboral e persoal**

Nesta modalidade ou recoñecemento premiaranse aqueles proxectos, medidas ou iniciativas empresariais para implantar a **conciliación laboral** na empresa que teñan un enfoque destacado na creación de emprego de calidade e para mellorar a empregabilidade das persoas empregadas. En definitiva, medidas que propicie a conciliación laboral e persoal, introducindo medidas de usos do tempo que faciliten que o seu persoal poida organizarse mellor, ao tempo, que se mellora a organización empresarial.

- **Recoñecemento en materia de igualdade de oportunidades**

Nesta modalidade ou recoñecemento premiaranse aqueles proxectos, medidas ou iniciativas que contribúan ao recoñecemento da diversidade, a procura da igualdade de oportunidades e integración social, a adaptación dos procesos de xestión e a coordinación responsable das persoas traballadoras. En definitiva, medidas que propicien a promoción da igualdade efectiva entre homes e mulleres en todos os ámbitos relacionados coa actividade da empresa.

5 Convocatoria

Levaranse a cabo **tres edicións dunha mesma convocatoria pública**. En cada edición outorgaranse **8 premios, 2 por cada rexión ou Comunidade Autónoma (1 por modalidade)** que conforma o proxecto GEMCAT:

- ✓ **Recoñecemento en materia de conciliación laboral e persoal**

- Mellor iniciativa na rexión Norte de Portugal
- Mellor iniciativa na Comunidade Autónoma de Galicia
- Mellor iniciativa na Comunidade Autónoma de Estremadura
- Mellor iniciativa na Comunidade Autónoma de Castela e León

- ✓ **Recoñecemento en materia de igualdade de oportunidades**

- Mellor iniciativa na rexión Norte de Portugal
- Mellor iniciativa na Comunidade Autónoma de Galicia
- Mellor iniciativa na Comunidade Autónoma de Estremadura
- Mellor iniciativa na Comunidade Autónoma de Castela e León

Sinalar que aquelas empresas que presenten solicitude na primeira edición e non resulte premiada poderá optar ao premio nas seguintes convocatorias.

6 Criterios de valoración

Para premiar ás empresas nas modalidades descritas con anterioridade, teranse en conta os seguintes criterios:

a) Segundo o tipo das empresas:

(Máximo 8 puntos)

- Pequena empresa: 8 puntos.
- Mediana empresa: 6 puntos.
- Gran empresa: 4 puntos

b) Segundo a tipoloxía da medida implantada

(Cada criterio valorarase do 1 ao 10 sendo 1 valoración mínima e 10 máxima. Así, cada un dos recoñecementos terá unha valoración máxima de 50 puntos, podendo lograr unha solicitude un máximo de 100 puntos)

CONCILIACIÓN LABORAL E FAMILIAR	Puntuación
Medidas de flexibilidade no espazo e o tempo / Flexibilidade horaria & teletraballo.	10
Medidas de Sensibilización e formación	10
Medidas de investimento que favoreza a conciliación	10
Recursos e estruturas para o coidado doutras persoas	10
Mellora das medidas de conciliación recollidas en textos legais	10

IGUALDADE DE OPORTUNIDADES	Puntuación
Medidas que apoian a igualdade no acceso e permanencia no emprego	10
Medidas que diminúan a Brecha salarial	10
Medidas que melloren as oportunidades de capacitación e desenvolvemento profesional, é dicir a promoción xerárquica e os ascensos	10
Medidas de sensibilización	10
Medidas de conciliación que fomenten a corresponsabilidade entre homes e mulleres	10

7 Documentación a presentar

1. As empresas interesadas en participar deberán presentar a súa solicitude, preferiblemente, a través do **formulario de solicitude en liña** dispoñible na páxina web www.gemcat.eu ou, opcionalmente, en soporte papel en calquera das entidades socias do proxecto GEMCAT (Consellería de Economía, Emprego e Industria; Consellería de Emprego da Junta de Castilla y León; Dirección Xeral de Traballo, Consellería de Educación e Emprego da Junta de Extremadura; CIM Alto Minho; Universidade do Porto e a Cámara Municipal de Braga)

2. Xunto co formulario de solicitude deberá presentarse vía mail gemcat.municipiodebraga@gmail.com a seguinte documentación:

- a) DNI ou NIE.
 - b) Documentación acreditativa do domicilio social da empresa candidata ou de que posúe centros de traballo na rexión transfronteiriza do proxecto
 - c) Documentación acreditativa ou Certificado asinado polo representante legal da empresa relativo ao número de persoas traballadoras coas que conta a empresa, referida ao período do último mes anterior á data de publicación das presentes bases.
 - d) Certificado asinado polo representante legal da empresa a través do cal se certifique que está ao corrente coa Axencia Tributaria e a Seguridade Social
 - e) Certificado asinado polo representante legal da empresa a través do cal se certifique que non existen salarios pendentes para o mes anterior á solicitude.
 - f) Respecto das certificacións (ESO, Pacto mundial, GRI, EFR ...) ou calquera outro mérito alegado, deberase xuntar a súa xustificación. Para aquelas empresas que estean en proceso de consecución no momento de presentarse ao premio, deberase presentar documentación fidedigna que garanta a súa obtención.
3. De maneira complementaria, e vía mail gemcat.municipiodebraga@gmail.com , pódese achegar o material adicional que se estime pertinente para a presentación da proposta, como fotografías, vídeos, etc.
4. Adicionalmente, é conveniente indicar que:
- ✓ Toda a información proporcionada polas empresas candidatas é confidencial.
 - ✓ A solicitude só é válida se se envía a documentación requirida.
 - ✓ Poderase requirir toda aquela información ou documentación complementaria que poida resultar relevante para a avaliación dos méritos alegados e para verificar calquera extremo referente á documentación achegada.

8 Prazo de presentación de solicitudes.

- ✓ O prazo para a presentación das solicitudes será de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación destas bases na páxina web do proxecto GEMCAT www.gemcat.eu
- ✓ Non serán admitidas a trámite, en ningún caso, as solicitudes presentadas fóra do prazo e de forma distinta ao que se establece nestas bases.

9 Xurado

Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, estas serán analizadas e valoradas por un xurado composto por, polo menos, unha persoa representante,

especialistas en materia de RSE, designada por cada unha das entidades socias do proxecto. Neste sentido, convén sinalar que a composición do xurado farase pública e que o fallo do xurado será inapelable.

10 Divulgación dos resultados e entrega do premio

1. Por cada edición, celebrarase unha entrega de premios a través dun acto público. En concreto levaranse a cabo os seguintes eventos:
 - ✓ 1º Edición premios conciliación e igualdade en xuño- **Universidade do Porto (Porto)**
 - ✓ 2º Edición premios conciliación e igualdade en setembro- **Junta de Castilla y León (Valladolid)**
 - ✓ 3º Edición premios conciliación e igualdade en decembro- **Xunta de Galicia (Santiago de Compostela)**
2. As entidades socias do proxecto GEMCAT procurarán a maior difusión destes premios da información, de carácter non persoal, fornecida polas empresas premiadas e finalistas en publicacións, na web do proxecto GEMCAT www.gemcat.eu, redes sociais, medios de comunicación e demais ferramentas de divulgación.
3. As entidades galardoadas poderán facer publicidade da devandita concesión en anuncios, publicacións e memorias, especificando o ano no que foron premiadas, así como publicar ou difundir a concesión do premio en calquera medio de comunicación, de acordo coa imaxe gráfica do premio, desenvolvida polas entidades organizadoras.

11 Protección de datos

Os datos recompilados serán utilizados para os fins expresamente previstos e polo persoal debidamente autorizado, de conformidade co disposto na Normativa 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes.

12 Contacto

Para calquera cuestión adicional, pode poñerse en contacto co equipo dos Premios de Conciliación e Igualdade Transfronteirizos a través do seguinte correo electrónico: gemcat.municipiodebraga@gmail.com




Interreg
España - Portugal

Fondo Europeo de Desarrollo Regional



GEMCAT **DEMOGRAFÍA
CONCILIACIÓN**

Generación de empleo de calidad transfronterizo



www.gemcat.eu